

BASES DO SORTEO ESPECIAL "DÍA DA NAI"

(A celebrar o 07/05/2025 en Radio Arzúa)

1ª.- ORGANIZADORA E OBXECTO DO CONCURSO:

A Asociación de Empresarios da Comarca de Arzúa (en adiante "a Organizadora") con CIF G15346109 e domicilio social no Polígono Industrial de Arzúa, parcela 1, 1º. CP15810 Arzúa (A Coruña), organiza e pon en marcha a campaña comercial SORTEO ESPECIAL "DÍA DA NAI" para a promoción das vendas no Centro Comercial Aberto de Arzúa e a fidelización dos seus clientes.

2ª.- ÁMBITO TEMPORAL E TERRITORIAL:

O sorteo estará aberto á participación dende o día 23 de abril ata o 4 de maio, ámbolos dous incluídos. A acción promocional levarase a cabo nas tendas físicas dos comerciantes asociados a A.E.C.A. pertencentes ao CCA Arzúa.

3ª.- LEXITIMACIÓN PARA PARTICIPAR:

O presente concurso diríxese exclusivamente a todas as persoas maiores de idade que efectúen algunha merca en calquera comercio asociado no período comprendido entre o 23 de abril e o 4 de maio por un importe superior a 15€.

4ª.- MECÁNICA DO SORTEO E PARTICIPACIÓN:

Toda persoa lexitimada para participar no concurso en virtude do establecido no punto 3 das presentes bases que adquira no período de duración do concurso un ticket de compra en calquera dos comercios asociados por valor superior a 15 € deberá depositalo na urna de AECA, habilitada para tal fin no mostrador das tendas, anotando no reverso o nome e apelidos da persoa consumidora xunto co seu número de teléfono ben lexible. Por cada merca obterá unha participación. Así mesmo, toda persoa poderá conseguir tantas participacións no sorteo como compras realice no período de vixencia da promoción. No momento do sorteo será comprobado tanto o importe total da compra como a data e non se aceptarán tickets de devolucións ou cambios (a non ser que no mesmo ticket apareza a compra doutro produto de importe superior á compra inicial dentro do período do sorteo).

5ª.- SORTEO:

O sorteo levarase a cabo o día 7 de maio na emisora de Radio Arzúa, sendo éste efectuado en directo e ao cal poderá asistir o público que así o desexe, ata completar o aforo da cabina de radio. Para o seu desenrolo, unha persoa allea á organización e que non esté involucrada no sorteo fará de man inocente escollendo ao azar 1 ticket premiado e 1 ticket premiado en reserva de entre tódolos recollidos das urnas de AECA ubicadas nas tendas participantes. O primeiro ticket extraído determinará á persoa gañadora do único premio a sortear. A continuación extraerase outro ticket de compra para determinar a unha persoa premiada en reserva; que sería a gañadora en caso de que a primeira afortunada renunciara e non quixera aceptar o premio.

6ª.- PREMIOS:

O premio da presente promoción consiste en 1 BONO DE VIAXE valorado en 250€ para unha escapada, o cal deberá ser canxeado na axencia de viaxes ZAFIRO TOURS MELIDE na Rúa Convento nº 6 baixo, 15800

Melide (A Coruña). Dito premio poderá ser desfrutado segundo a preferencia da persoa gañadora; é dicir, poderá escoller destino e/ou aloxamento, pero no caso de que sexa contratado un servizo por importe superior ao valor do premio a persoa gañadora deberá abonar a diferenza á axencia de viaxes. Así mesmo, este bono terá caducidade. Estará vixente ata o 31 de decembro de 2025, día no cal rematará o prazo para canxear a reserva da viaxe.

7ª.- GAÑADOR:

Será gañadora aquela persoa que apareza nomeada no ticket premiado; escollido éste ao azar, sempre que a compra fora efectuada no período vixente da promoción e alcance o importe mínimo de gasto. A Organizadora contactará, mediante o número de teléfono facilitado no ticket, coa persoa premiada para comunicarlle que resultou gañadora e para informarlle das condicións para o canxexo do premio establecidas no punto 6 das presentes bases. Así mesmo, a Organizadora poderá comunicar, se o estima oportuno, o nome do gañador e a imaxe da entrega do premio a través da páxina web, redes sociais, radio e/o prensa unha vez producida a aceptación expresa do premio.

8ª.- RESPONSABILIDADE DA ORGANIZADORA:

A Organizadora non será responsable, por circunstancias excepcionais de forza maior ou por motivos alleos á súa vontade, que puidesen impedir ao gañador de gozar do mesmo. A Organizadora queda exonerada, de calquera responsabilidade que puidese derivar do incumprimento ou cumprimento defectuoso polo participante no sorteo das presentes Bases.

9ª.- DEREITO DE EXCLUSIÓN:

A Organizadora resérvase o dereito de descartar e excluír do Sorteo aos participantes e os comercios cando depositen tickets de compras con datos falsos e/o incorrectos, cando, de calquera forma, fraudulenta ou artificial, manipulen a súa participación no Sorteo.

10ª.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL E DA IMAXE:

Será necesaria a recollida de datos persoais para levar a cabo o sorteo e a operativa da entrega de premios respetando a normativa aplicable en materia de Protección de Datos de carácter persoal. A empresa organizadora poderá publicar nos medios que considere oportunos o nome completo ou iniciais das persoas gañadoras do sorteo así como a imaxe da entrega de premios, salvo manifestación expresa en contrario por parte dos gañadores do sorteo que deberán presentar á Organizadora por escrito á dirección: Polígono Industrial de Arzúa, Parcela 1, 1º. CP 15810 Arzúa (A Coruña), de conformidade co que dispón a Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPD) informámoslle que os seus datos serán incorporados nun ficheiro titularidade de AECA, ante a que poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición remitindo o escrito á dirección anteriormente mencionada, acompañado dunha fotografía do seu DNI e dirixido ao CCA Arzúa-AECA coa referencia "Protección de datos "SORTEO ESPECIAL DÍA DA NAI", ou ben enviándoo a través do email: info@aecomarcadearzua.com . A finalidade do tratamento é a de desenvolver a súa participación no sorteo. Así mesmo, os participantes garanten que os datos persoais facilitados á Organizadora son veraces e fanse responsables de comunicar a ésta calquera modificación aos mesmos.

11ª.- APLICACIÓN DAS BASES:

A participación neste sorteo implica a aceptación íntegra das Bases e a submisión expresa das decisións interpretativas que das mesmas efectúe a Organizadora. A Organizadora resérvase a facultade de prorrogar a duración do sorteo, así como de suspendelo ou de poñerlle fin de xeito anticipado, e tamén de modificar e/ou de engadir anexos sucesivos sobre estas Bases, se así o estimase conveniente. As modificacións e/ou anexos deberán publicarse de modo que tódolos participantes teñan acceso a dita información.

En Arzúa, a 21 de abril de 2025.